



ASUNTO: DECRETO SUPLEMENTO DE CREDITO

DECRETO DA ALCALDÍA

A situación de emerxencia xerada pola evolución do COVID-19, levou ao Goberno a decretar o estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada.

En consonancia con dito Real Decreto Lei, todas as administracións e particularmente este Concello, ditaron diferentes normas para tratar de reducir o avance dos contaxios desta enfermidade así como medidas para paliar as situacións de necesidade que se produzan ou sexan agravadas pola restrición de movementos..

Esas medidas, que afectan especialmente aos desprazamentos das persoas, poder dar lugar a que se incrementen situacións de necesidade que veñen padecendo algúns colectivos de veciños que ven reducidos os seus ingresos ao realizar actividades que se ven minoradas ou, incluso, suprimidas pola citada restrición de desprazamentos. Eses colectivos ven incrementadas as súas necesidades ordinarias de apoio por parte do Concello, e é por elo que o Concello de Monforte de Lemos ten que dar cumprida resposta, nestes momentos de especial dificultade, onde ten que primar a solidariedade cos máis necesitados.

Polo anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Proceder ao inicio do expediente de suplemento de crédito na partida 231.480.00 do vixente Orzamento Municipal (axuda de emerxencia social) para a anualidade do 2020, que pasará a ter unha dotación de 75.000 €, procedéndose a un aumento dun 50% da cantidade de 50.000 €, inicialmente contemplada.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto á Intervención Municipal, con obxecto da tramitación do expediente de referencia.

Monforte de Lemos a data da sinatura dixital

O ALCALDE,

Asdo.- José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde

Ordena e asina o Sr. Alcalde

Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

